

A BATEA

Peirao Pasaxeiros s/n
36600 Vilagarcía, Pontevedra
Teléfono: 986 500 130



INFORMACIÓN XERAL

Situada na contorna do porto deportivo de Vilagarcía, no mesmo edificio no que se atopan as instalacións do Club Náutico.

O edificio está construído sobre o mar, comunicado con terra a través de pasarelas de madeira.

Atención ao público e outra información de interese

- Dentro da carta dispón de pratos para celíacos, diabéticos e vexetarianos.
- A carta está redactada con letra pequena, non dispoñen de carta alternativa con textos en maior dimensión, fotos ou braille.
- Non dispoñen de persoal con coñecemento da lingua de signos.
- Permítese o acceso con can guía e/ou asistencia.
- Non dispoñen dun plan de evacuación para persoas con discapacidade.

Acceso e zona de atención ao público

- Existen zonas de aparcadoiro na contorna do establecemento, conectadas á entrada a través do paseo marítimo, que é amplo e horizontal, con pavimento de lastra de formigón en bo estado.
- Existen dous puntos de acceso, un deles a través de escaleiras e o outro con escaleiras e rampla alternativa.
- A rampla fórmana catro tramos de 10m de lonxitude e unha pendente lonxitudinal do 9,5%.
- Porta de acceso fronte ao desembarco da rampla, con porta de 86cm de ancho de paso.
- A porta é parcialmente de vidro e existe outra das mesmas características no interior.
- O acceso principal conecta coa zona do comedor, sendo un espazo sen desniveis. A zona de barra non se identifica desde ese punto.
- A barra ten unha soa altura a 112cm.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

BAR

Localización e itinerario

- O itinerario interior non ten desniveis. O pavimento atópase en bo estado.

Características

- A anchura mínima do espazo de circulación é maior de 120cm.
- A barra ten unha soa altura a 112cm, non existe posibilidade de aproximación en cadeira de rodas.
- Asentos móbiles con respaldo en barra de 73 cm de altura.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerario

- Existen varios espazos de restauración, todos eles ao mesmo nivel. Un deles atópase na zona de terraza pechada, e comunícase a través de portas dobres sempre abertas.

- O pavimento atópase en bo estado.

Características

- A anchura mínima do espazo de circulación é maior de 120cm.
- O itinerario interior non ten desniveis. O pavimento atópase en bo estado.
- Mesas cadrases e rectangulares de diferentes dimensións. Alto de mesa de 76 cm e ancho baixo a mesa de 70cm.

ASEO ADAPTADO

Localización e itinerario

- Atópase en planta baixa e é necesario solicitar a chave para acceder a el dado que se atopa nas instalacións do Club Náutico.
- O itinerario adaptado desde o establecemento ao aseo implica saír ao exterior, descender a rampla de acceso e rodear o edificio. A apertura da porta é mediante cartón. Desde o corredor interior accédese aos vestiarios (masculino e feminino) onde se atopan as cabinas adaptadas.

Entrada ao aseo

- Sinalización exterior sen SIA.
- Porta batente ao interior, con apertura mediante pomo e ancho de paso de 80cm.

Cabina

- Dispón dunha cabina adaptada en cada núcleo de aseos.
- Sinalización mediante SIA.
- Porta batente ao interior, apertura con tirador vertical e ancho de paso de 90cm.
- Mecanismo de peche é manipulable co puño pechado ou co cóbado e dispón de sistema de apertura desde o exterior.
- Diámetro viro libre de obstáculos 150cm no exterior e 144 no interior. Aproveitando o oco baixo lavabo conséguese un diámetro de 150cm.
- Control de iluminación mediante sensor de presenza.
- Carece de sistema de alarma.

Lavabo

- Lavabo dentro da cabina, billa con pulsador.
- Altura superior de 81cm e inferior de 67cm. Fondo libre de 40cm e ancho de 80cm.
- Carece de espello
- Dispensador de xabón a 90cm de altura.

Inodoro

- A aproximación frontal ten unha amplitude de maior de 120cm.
- Conta con espazo de transferencia esquerdo cunha anchura de 90cm.
- Barra abatible ao lado esquerdo a unha altura de 88cm.
- A altura de uso do asento, inodoro máis táboa, é de 42cm.
- O mecanismo de descarga de cisterna é mediante panca situada detrás, pódese activar co puño pechado e require un esforzo medio.

ACCESIBILIDADE VISUAL

BAR

Localización e itinerarios

- Desde a porta principal debemos atravesar parte da zona de comedor para acceder á zona de barra. Ancho de paso maior de 120cm.
- A colocación do mobiliario nesa zona varía segundo as necesidades do local

Características

- Chan de madeira vernizada en bo estado.
- A luz é homoxénea e suave. A barra conta con iluminación identificativa.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerarios

- Mesas colocadas de maneira regular marcando zonas de paso. Na contorna do acceso a colocación do mobiliario é variable.

Características

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.
- A luz é homoxénea e suave.
- As mesas contan con cor contrastada

Aseos

- Carecen de sinalización en braille e alto relevo
- A cor dos elementos non destaca con respecto a paredes e chan.
- En caso de emerxencia, a alarma é soamente visual.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

BAR

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades auditivas.

SALÓN COMEDOR

- Dispón de carta escrita con letra de pequena dimensión.
- Non dispoñen de persoal signante.

ASEO

- Están sinalizados.
- Nas cabinas, o pasador fixo ten un sistema exterior indicando estado de libre ou ocupado.
- A porta ten a parte inferior libre para ver se hai alguén dentro da cabina.
- En caso de emerxencia, non conta con sistema de alarma visual.

OUTRAS ESTANCIAS E SERVIZOS

ESTANCIA	LOCALIZACIÓN	ITINERARIO	CARACTERÍSTICAS
Terraza			Terraza exterior con mesas cadradas con plano superior a 75cm e oco inferior de 70cm. Ancho baixo a mesa de 57cm. Pavimento de madeira en bo estado. A colocación das mesas permite dispoñer dunha zona de corredor libre de ancho maior de 120cm.